



No pendello que hai xunto ao camiño,
 estos días pasados naceu
 un neniño pequeniño
 que parece do ceo caeu,
 un neniño pequeniño
 que parece do ceo caeu.

Entre o bafo de algúns animais,
 pois o pobre cubertas non ten,
 nin señales de pañales
 pa tapalo do frío se vén,
 nin señales de pañales
 pra tapalo do frío se vén.

Levareille logo esta mantela
 anque afellas boa falla me fai,
 e un roxelo de bon pelo
 pra que faga bos caldos súa nai,
 e un roxelo de bon pelo
 pra que faga bos caldos súa nai.

Levareille tamén esta pita
 pois é o neno máis guapo que vin,
 e a cabrita máis bonita
 que para el no cortello escollín,
 e a cabrita máis bonita
 que para el no cortello escollín.